

O Concello de Outes, abre o prazo de inscrición para o **CAMPAMENTO DE VERÁN 2021, OUTES CONCILIA** que se desenvolverá nas instalacións do edificio autónomo **CEIP Plurilingüe de Outes**.

Está dirixido as familias con menores de 3 anos (escolarizados) a 16 anos.

Prazas limitadas

Para a adxudicación das prazas terase en conta a orde dos seguintes criterios recollidos no Regulamento Outes Concilia:

1º criterio.-Familias con menores empadroados no Concello de Outes

2º criterio.- Familias que aporten Informe Social que indique a necesidade do servizo en base a circunstancias socioeconómicas e familiares.

3º criterio.- Ser familias monoparentais ou familias numerosas.

4º criterio.- Familias con fillas/os de mulleres vítimas da violencia de xénero.

5º criterio.- Familias nas que algún das/os proxenitores teñan o seu posto de traballo no Concello de Outes

6º criterio.- Familias doutros concellos cuxos menores gocen das vacacións neste concello

O campamento abarca desde o 23 de xuño ao 7 de setembro, podendo as familias elixir as quendas que necesiten, quedando distribuídas da seguinte maneira co seu correspondente prezo público recollido na ordenanza:

1ª QUENDA: DO 23 DE XUÑO AO 2 DE XULLO (30€)

2ª QUENDA: DO 5 DE XULLO AO 16 DE XULLO (40€)

3ª QUENDA: DO 19 DE XULLO AO 30 DE XULLO (40€)

4ª QUENDA: DO 2 DE AGOSTO AO 13 AGOSTO (40€)

5ª QUENDA: DO 16 DE AGOSTO AO 27 DE AGOSTO (40€)

6ª QUENDA: DO 30 DE AGOSTO AO 7 DE SETEMBRO (30€)

O horario do campamento será de 8:00 a 16:00 horas. As familias poderán facer uso do servizo en función das súas necesidades permitindo a entrada e saídas flexibles. Para o bo desenvolvemento das actividades programadas, recoméndase a aquelas familias que non vaian a facer uso do horario completo do campamento, incorporarse ao mesmo sobre ás 10:00 h. e saída a partir das 13:30h.

Os menores teñen opción de almorzar e xantar no mesmo, sendo as familias as encargadas de aportar os alimentos, en termos e neveiras

Exención e bonificación.

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.- Exención:

A emisión dun Informe Social do departamento de servizos sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para abonar o custo do mesmo conlevará a exención da cota.

2.- Bonificación:

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 50%.

Documentación a aportar:

Copia do libro de familia

Copia da tarxeta sanitaria do/a participante

O persoal técnico responsable do servizo poderá requiren outra documentación complementaria ou adicional que se precise.

O desenvolvemento do campamento realizarase seguindo un estricto protocolo de seguridade adaptado as circunstancias que se están a vivir debido a COVID-19.

As solicitudes poden presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello (<https://outes.sedelectrónica.gal>), ou de xeito presencial no Centro de Información ás Mulleres de Outes, **solicitando cita previa no número de teléfono 981 850 949, en horario de 9:00 h a 14:00 h de luns a venres, desde o 24 de maio ao 4 de xuño.**